

LUNS 23 DE MARZO

LENGUA

1- Clasifica las oraciones según estén en voz activa o pasiva colocando al lado de cada una A si es activa y P si es pasiva.

- La mesa será trasladada por mi padre.
- La soprano fue ovacionada por el público.
- Hoy vamos al cine con mi padre.
- Mi hermano estudia en la universidad.
- Ayer escribí una carta a mi primo.
- María y Alberto se marchan de vacaciones.
- El jugador fue expulsado por el árbitro.
- El abrigo es guardado en el armario por mi madre.
- La carta fue escrita por su novio.
- Mañana compraré un libro a Marta.

2- Analiza las formas verbales siguiendo el ejemplo Pertencen a la primera conjugación los verbos terminados en -ar.

- | | | | | | |
|----------------------|-------------|----------|----------------------|------------|----------------|
| • terminarás | 2.a persona | singular | pretérito imperfecto | subjuntivo | verbo terminar |
| • saltaron | | | | | |
| • comenzaré | | | | | |
| • hubo ordenado | | | | | |
| • habrás empezado | | | | | |
| • avanzad | | | | | |
| • hubierais atrapado | | | | | |
| • haya entregado | | | | | |

2. Los signos de puntuación de este texto están colocados de forma incorrecta. Corrígelos, en rojo, sobre el texto

Por fin el viejo museo volvió a abrir sus puertas, Permaneció muchos años cerrado hasta que terminaron de restaurarlo; Primero. reforzaron las vigas y estructuras; que estaban bastante deterioradas. después. cambiaron el suelo; que tenía rotas la mayoría de las baldosas. más tarde; arreglaron el tejado; muy estropeado por las goteras. y; por último. pintaron las paredes y los techos.

3. Analiza las formas verbales siguiendo el ejemplo

• venció 3.a persona singular pretérito perfecto simple verbo vencer.

• has tosido

• morderían

• había caído

• comprenderás

• hubierais cogido

• hayamos pertenecido

• corred

6

A loba branca 

Antigamente, moi pouca xente en Galicia sabía ler, pero case todos sabían contar historias. Moitos deses contos e lendas tiñan como protagonistas os lobos, que poboaban daquela os nosos montes.

Polas terras do Courel vivía hai moitos, moitos anos unha manda de lobos que tiñan por xefa unha enorme loba branca.

Un día, os lobos levaron varios tenreiros dunha corte, así que as xentes da aldea ordenaron unha batida para cazalos. Cando os cans deron co grupo, a loba branca ordenoulles aos seus que fuxisen. Ela soa enfrontouse aos cans. Conseguiu vencelos, pero a chegada das escopetas acabou coa súa vida.

Os homes, contentos co seu triunfo, arrincáronlle a pel para mostrarlle á veciñanza, e fíxose unha festa na aldea.

Cando xa todo quedara en silencio e a xente estaba durmindo, os veciños espertaron cos ouveos dos lobos. Os cazadores saíron ás fiestras coas escopetas, pero só vían sombras que desaparecían na noite. Coa chegada da alba, os ouveos pararon.

A noite do segundo día volveron os ouveos, pero esta vez soaban como se estivesen mesmo dentro das casas. Os veciños pasaron moito medo, pero ao raiar o sol, todo volveu quedar en silencio. Pouco a pouco, aínda asustados, comezaron a saír das casas.

As campás da igrexa tocaron para reunir a xente no concello. Andaban a discutir que facer cando unha muller berrou:

—Veñen pola loba! Levade a pel á devesa* e deitádea sobre pólas de teixo, de maneira que lle dea o luar.

À noite, volvéronse escoitar os ouveos, pero xa non soaban na aldea, senón na devesa, ali onde deixaran a pel da loba. Os lobos choraron toda a noite a súa raíña e despois levaron enterrar a súa pel á parte máis alta do Piapaxaro.

Contan as mulleres sabias que a gran loba branca nunca desapareceu. Nas noites de lúa chea volve ao Courel e percórreo todo coa súa manda. Xa non ouvea. Pero a gran loba branca atopou outra maneira de falar coa xente de ben. Nas noites de branco luar, a loba branca entra nos sonhos das persoas. Cando alguén se asusta ao vela e berra, a loba xa non visita máis o seu soño. Mais a quen non se asusta coa súa presenza, a gran loba branca faílle un agasallo: ensinálle a cantar, a falar, a recitar, a ler para engadar* a quen escoite.

Contan no Courel que Xosé de Parada, unha mañá cedo que marchaba para unha feira, viu como unha gran loba branca saltaba pola ventá onde durmía Uxío*.

Garme Hermida Gulias: *Uxío Novoneyra. O gran lobo branco*, Sotelo Blanco Edicións (adaptación).

.....
devesa: Terreo extenso e poboado de árbores.

engadar: Atraer.

Uxío: Refírese a Uxío Novoneyra, un dos poetas máis representativos da literatura galega, coñecido coma «o poeta do Courel».

DESAFÍO
Moitos animais, como o lobo, están en perigo de extinción. Investígal!



Despois de escoitar o texto

1 Responde en voz alta:

- A acción que se narra, ten lugar na actualidade ou no pasado? Por que o sabes?
- Este relato conta sucesos reais ou imaxinarios?

Comprendo as palabras

2 Ademais dos lobos, de cales destes animais adoita dicirse que forman unha manda?

- elefantes – peixes – ovellas – vacas – abellas – antilopes – aves
- Escribe os colectivos dos animais que desbotaches.

3 Le e indica a que corte se refire o narrador na lectura:

corte¹ s. m. 1. Acción e efecto de cortar ou cortarse; cortadura, tallada. 2. Feitura dunha peza de roupa.

corte² s. f. 1. Lugar cuberto para gardar o gando. 2. Residencia do rei, da súa familia e da xente que está ao seu servizo.

4 Como fan os lobos? Con que verbo se designa? Búscalo no texto.

- Completa as oracións cos verbos da dereita, conxugados:

Os cans ladran.

Os gatos ...

Os burros ...

Os cabalos ...

As vacas ...

As ovellas ...

As pitas ...

Os pitíños ...

Os porcos ...

As abellas ...

piar	rinchar
ornear	bruar
bear	cacarexar
miañar	zumbar
roñar	<u>ladrar</u>



Reflexiono

5 O espazo. O lugar onde se desenvolven os feitos, é real ou cres que é imaxinario?

- Escribe os nomes propios de lugar que aparecen.
- Onde se agochou a xente cando chegaron os lobos?

6 Cales destes personaxes aparecen na historia?

- lobos – cervos – loba branca – lobo negro – veciños – cans
- Cal deles é o protagonista?
 - Son personaxes reais ou fantásticos?

7 Os feitos. Explica que sucedeu xusto antes de cada viñeta:



A



B



C

8 Lembra os detalles.

- Que fixeron os cazadores despois de matar a loba?
- Cando pararon os ouveos dos lobos a primeira vez?
- Que método utilizaron na aldea para reunir os veciños?
- Sobre as pólas de que árbore debían tender a pel da loba?

9 Que conta a lenda? Para que vai a loba ás casas da xente?

10 Pregunta na casa e escribe unha lenda do teu lugar.

- Os avós ou a xente máis vella poderán axudarte.



ESCOITO E FALO



Falemos ben.

1 Ás veces non escribimos ben as palabras porque non nos fixamos na súa pronuncia. Escoita atentamente e copia a palabra adecuada de cada parella:

unha	una	manada	manda	muito	moito
sefa	xefa	branca	blanca	campá	campana
terneiro	tenreiro	duna	dunha	enfrontouse	enfrentouse

2 Escoille unha das palabras anteriores e escribe unha oración con ela.

- Lea amodo e en voz ben alta para que a poidan copiar os teus compañeiros e compañeiras.